



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE XULLO DE 2025**

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas e cinco minutos do día trinta e un de xullo de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D.<sup>a</sup> MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR  
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES  
D.<sup>a</sup> MÓNICA VARELA GERMADE

### **Polo grupo municipal do PP:**

D.<sup>a</sup> PATRICIA ESTHER ESPÍNEIRA GALÁN  
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ  
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D. DIEGO ALCANTARILLA REI  
D.<sup>a</sup> MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D.<sup>a</sup> ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D.<sup>a</sup> MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES  
D.<sup>a</sup> NIEVES LOURO LÓPEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D. MANUEL CASTRO UZAL

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora accidental, D.<sup>a</sup> Ana María Portela Torrón, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.



Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de xullo de 2025, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202507310905140000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## 1. PARTE RESOLUTIVA

### 1.1. PROPOSTA RELATIVA AO PROXECTO DE "ACTUACIONES EN EL BORDE LITORAL DE LA RÍA DO BURGO PARA MITIGAR LOS EFECTOS DEL CAMBIO CLIMÁTICO (TTMM OLEIROS, CAMBRE, CULLEREDO Y A CORUÑA), PROMOVIDO POLA DEMARCACIÓN DE COSTAS EN GALICIA

#### Acceso á videoacta – 00:00:36 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2025 (CVD: Rnbo6mPP92xBxz22tiW), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2025, que transcrita di:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o proxecto de “*Actuaciones en el borde litoral de la ría de O Burgo para mitigar los efectos del cambio climático, TT.MM. de Oleiros, Cambre, Culleredo y A Coruña*” promovido pola Demarcación de Costas de Galicia do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Visto o escrito do xefe da Demarcación de Costas de Galicia, rexistrado de entrada ao núm. 20259000001185, o día 6 maio de 2025, no que solicita a seguinte documentación para continuar coa tramitación do proxecto:

- *Acuerdo plenario para la conservación y mantenimiento por parte de ese Ayuntamiento una vez finalizadas.*
- *Reconocimiento expreso de que tal como establece el artículo 111.3 de la Ley de Costas, la obra está exenta del abono de tasas por la expedición de licencias exigibles con arreglo a la legislación urbanística.*
- *Acuerdo de disponibilidad de los terrenos afectados, para su cesión e incorporación al Dominio Público Marítimo Terrestre.*
- *Informe de ese Ayuntamiento sobre el proyecto, en el que manifiesten su conformidad o expongan las oportunas alegaciones.”*

Visto o informe do arquitecto-xefe da Sección de Planeamento e Xestión, de data 12 de xuño de 2025 (CVD: gAQ1Rb9EXsYDmu2j908d), no que informa favorablemente dende o punto de vista urbanístico.

Visto o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas interino, de data 16 de xuño de 2025 (CVD: INaxMWiO2MCh9R9MRRCb) respecto dos custos de mantemento e conservación dos novos espazos, así como respecto da non formulación de alegacións ao proxecto presentado.



Visto o informe do técnico de administración xeral, en funcións de xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior por ausencia do titular, de data 23 de xullo de 2025 (CVD: 4r8rbV04TP5ZeHrRRva8), que conclúe que as obras previstas no proxecto non están suxeitas a licenza municipal, sen que polo tanto se produza o feito imposible necesario para o cobro de taxa ningunha como consecuencia da expedición de licenzas urbanísticas.

Por todo canto antecede, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Manifestar a conformidade do Concello de Cambre co proxecto de “*Actuaciones en el borde litoral de la ría de O Burgo para mitigar los efectos del cambio climático, TT.MM. de Oleiros, Cambre, Culleredo y A Coruña*” promovido pola Demarcación de Costas de Galicia e redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don David Montoya Landete, e aprobar a conservación e mantemento polo Concello das obras do dito proxecto, unha vez finalizadas, que se executen no termo municipal de Cambre.

**Segundo.-** Aprobar a dispoñibilidade dos terrenos afectados no termo municipal de Cambre para a súa cesión e incorporación ao dominio público marítimo terrestre.

**Terceiro.-** Recoñecer que a obra a realizar está exenta do aboamento de taxas pola expedición de licenzas esixibles segundo a lexislación urbanística, tal e como establece o artigo 111-3 da Lei de costas.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2025, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 23 de xullo de 2025 (CVD: Rnbo6mPP92xBxz22tiW), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **1.2. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS**

### **Acceso á videoacta – 00:10:26 horas**

De orde da Presidencia interveñen o secretario accidental quen dá conta de que a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: 6Y207yxkwi/fnsW/3EQv) foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2025.

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, momento no que a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, interveñen para indicar que no día de onte o seu grupo presentou unha emenda por rexistro a este punto.

Cando son as once horas e dezaoto minutos a Presidencia fai un receso para estudar a emenda presentada, polo que se suspende a gravación (**Acceso á videoacta 00:13:20 horas**).



Cando son as once horas e trinta e un minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 00:13:26 horas**).

A Presidencia somete a votación ordinaria a retirada da orde do día da proposta de Alcaldía, de data 21 de xullo de 2025, relativa á modificación da Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, que é aprobada por unanimidade.

### **1.3. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS CARGOS DA CORPORACIÓN A DESEMPEÑAR EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA, AS SÚAS RETRIBUCIÓN, RÉXIME DE DEDICACIÓN, ASÍ COMO FIXACIÓN DAS CONTÍAS A PERCIBIR EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS**

**Acceso á videoacta – 00:13:47 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: B/t6VsM9kiRWzgaoZYeO), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2025, e que transcrita di:

#### **«PROPOSTA DA ALCALDIA**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece no seu artigo 75.1 que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións os pagos das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da referida Lei, no que se indica que as Corporacións afectadas abonarán as cotizacións das mutualidades obrigatorias dos funcionarios de carreira que pasen á situación de servizos especiais noutras Administracións públicas.

No apartado 2 do mesmo artigo 75 da Lei /1985, establécese que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da seguridade social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Presupostos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberá conter o réxime de dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

A citada Lei 7/1985, no seu artigo 75 bis, establece que os presupostos xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poidan percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren en situación de servizos especiais, sinalando que para as corporacións locais de 20.001 habitantes a 50.000 habitantes, este límite máximo será o das retribucións correspondentes ao Secretario de Estado menos un 45%.



De conformidade có disposto na Disposición Adicional 27 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de "Presupuestos Generales del Estado para el año 2023, actualizada conforme ao previsto nos artigos 19.DOS.2.a) (IPCA: 0,5%), 19.DOS.2.b) (PIB: 0,5%) do mesmo texto legal e no artigo 6 do Real Decreto Lei 4/2024 de 26 de xuño (2%) , o límite máximo total que poden percibir os membros das entidades locais por todos os conceptos retributivos e asistenciais, excluídos os trienios, e para concellos de entre 20.001 a 50.000 habitantes é de 65.802,15 € anuais.

O artigo 19.1 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Cambre establece que corresponde ao Pleno corporativo, a proposta do presidente, determinar dentro da consignación global contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

O Pleno do Concello de Cambre na sesión do 30 de maio de 2024 acordou determinar os cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións así como a fixación das contías a percibir en concepto de asistenciais e indemnización polos gastos ocasionados no exercicio dos seus cargos.

Esta alcaldía tomou posesión do seu cargo na sesión plenaria de 21 de abril de 2025 e considera necesario introducir una serie de modificacións no réxime de dedicacións resultante do acordo plenario de 30 de maio de 2024, a excepción do aprobado para o cargo de alcaldesa.

Vistas as Resolucións da Alcaldía núm. 373/2025, do 25 de abril, núm. 462/2025, do 16 de maio, e núm. 512/2025, do 30 de maio, polas que se efectuaron os nomeamentos dos membros da Xunta de Goberno Local.

Vistas as Resolucións da Alcaldía núm. 383/2025 e 384/2025, do 25 de abril, polas que se crearon as áreas de goberno e se nomearon os/a tenentes de alcaldesa, respectivamente.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 396/2025 do 30 de abril, pola que se confiren delegacións xenéricas a prol dos/a tenentes de alcaldesa que nela se relacionan e que abarcan tanto a facultade de dirección e xestión das áreas delegadas como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A interventora accidental emitiu o día 21.07.2025 o informe de intervención dedicaciones cargos corporación/2025 (CVD: WDTV50xIDzjrkJE7qgL9) coas seguintes conclusións:

#### «(.../...) IV) CONCLUSIONES

**1.-** A normativa sobre réxime local recoñece o dereito dos membros das Corporacións Locais a percibir, con cargo ao Orzamento da Entidade Local, as retribucións que correspondan.

**2.-** Ao abeiro dos artigos 75.bis.1 e 75.ter.1.d) da lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e en virtude da disposición adicional vixésimoséptima da Lei 31/2022 do 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024 coas actualizacións posteriores, o importe máximo total que o Concello de Cambre pode asumir na retribución de tódolos membros da corporación por tódolos conceptos retributivos e asistenciais, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios que se encontren en situación de servizos especiais, ascende a 658.021,50 € anuais.

A providencia de alcaldía de 21.07.2025 (CVD: ssu2GTZi4XIFd0BD1irF ) respecta esta cifra máxima.

**3.-** O número de cargos con **dedicación exclusiva** propostos pola alcaldesa na providencia de 19.05.2025 (CVD: oXPs2JgRHgSciHE/dBR ) así como o importe unitario de cada dedicación respectan a normativa aplicable.

Se **advirte por escrito** que:

- De conformidade có artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, a percepción de tales retribucións será **incompatible coa doutras retribucións con cargo aos**



**orzosamentos das Administracións Públicas** e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenrolo doutras actividades, todo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

- En virtude do artigo 13 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o desempeño dun cargo en réxime de dedicación exclusiva **exixirá que o membro da corporación proposto para o seu desempeño manifieste a súa aceptación expresa e que se dedique, preferentemente, ás tarefas propias de dito cargo**. Isto sen perxuício doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación, requiríndose declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno no caso de que tales ocupacións sexan remuneradas. Debe ser o **grado de responsabilidade o que determine a cuantía monetaria que se asigna ao cargo con dedicación exclusiva**.

**4.-** De conformidade có exposto na consideración xurídica.3.-, do presente informe se verifica a existencia de crédito axeitado e suficiente nos termos e coas precisións sinaladas no mesmo.

**5.-** As Corporacións Locais están obrigadas a publicar integramente no Boletín Oficial da Provincia e a fixar no Taboleiro de Anuncios da Corporación os seguintes acordos:

- Os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos electivos con dedicación exclusiva e parcial.
- Os acordos plenarios sobre o réxime de dedicación dos membros electivos con dedicación parcial.
- Os acordos plenarios das contías das asistencias e indemnizacións.
- Os acordos do Presidente da corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial....(.../...) >>

Tendo en conta canto antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Eliminar os seguintes cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial:

- Concellería con delegación especial dos servizos de Desenvolvemento Asociativo, Educación e Sanidade, incluídos na Área de Presidencia: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Cultura, Deportes e Xuventude: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo: 32.000,00 €
- Concellería da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá: 24.000,00 €

**Segundo:** Determinar que, ademais do cargo de alcaldesa cuxo réxime de dedicación exclusiva aprobado na sesión plenaria de 30 de maio de 2024 mantén a súa vixencia, os seguintes cargos da Corporación desempeñaranse en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta e coa retribución bruta anual que resulta da aplicación dos apartados Primeiro e Terceiro do acordo plenario do 30 de maio de 2024:

- Primeiro tenente de alcaldesa, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico: 32.640,02 €
- Segunda tenente de alcaldesa, concelleira delegada da Área de Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo: 32.640,02 €

**Terceiro:** As retribucións dos cargos con dedicación exclusiva incrementaranse na porcentaxe que o Goberno fixe nas respectivas Leis de Orzosamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

**Cuarto:** Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as contías aprobadas polo Pleno na sesión do 30.04.2024:

Plenos: 300 €



Comisións Informativas: 300 €  
Xunta de Voceiros: 150 €  
Xunta de Goberno Local ordinaria: 300 €  
Xunta de Goberno Local extraordinaria: 0 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xunta de Voceiros que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia.

**Quinto:** Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

**Sexto:** De conformidade có establecido no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: B/t6VsM9kiRWzgaoZYeO), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **1.4. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA**

##### **Acceso á videoacta – 00:30:46 horas**

**A.-** A Sra. presidenta intervéen e manifesta que hai unha proposta de Alcaldía, de data 30 de xullo de 2025, en relación coa Dilixencia Preliminar nº A56/2025.1 (Expediente nº ENJ2025/000186) incoada polo Tribunal de Contas.



A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica que este luns chegou unha notificación á Secretaría da Alcaldía con esa dilixencia do Tribunal de Contas, dándolles un prazo de 5 días para contestar se querían presentar algún tipo de alegación á proposta de nomeamento de instrutor, e di que ese prazo termina mañá e que por iso se trae ao Pleno de forma urgente.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urgencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a proposta de Alcaldía, de data 30 de xullo de 2025 (CVD: MVK89FOCdeWICl/7D5eZ), que transcrita di:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que con data 28 de xullo de 2025 tivo entrada no Rexistro xeral do Concello dilixencia do Tribunal de Contas (núm. rexistro entrada 20250000003546) – Expediente nº ENJ2025/000186 Dilixencia Preliminar nº A56/2025.1 que di:

#### «DILIGENCIA DE ORDENACIÓN

En Madrid, a la fecha de la firma electrónica.

Turnadas las presentes Diligencias Preliminares a la Consejera de Cuentas Excm. Sra. Doña María del Rosario García Álvarez, mediante diligencia de reparto de fecha 11 de julio de 2025, ÁBRASE la correspondiente pieza de Diligencias Preliminares, que se formará con la documentación que la acompaña, y visto su contenido y lo que determina el artículo 46 de la Ley 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas, procede oír, por plazo de cinco días, al Ayuntamiento de Cambre (A Coruña), con entrega de copia de las actuaciones, para que aleguen lo que a su derecho corresponda sobre la procedencia de acordar el nombramiento de Delegada o Delegado instructor, con el fin de que realice las funciones previstas en el artículo 47 de la Ley de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas, de 5 de abril de 1988, o, en su caso, el archivo de las presentes actuaciones.

Notifíquese la presente resolución al Ministerio Fiscal y al Ayuntamiento de Cambre, con la advertencia de que contra la misma cabe interponer recurso de reposición, ante este Letrado Secretario, en el plazo de los cinco días siguientes a su notificación, de conformidad con lo previsto en el artículo 102 bis, apartado primero, de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, en relación con la Disposición Final Segunda, apartado segundo, de la Ley Orgánica 2/1982 del Tribunal de Cuentas, recurso que carece de efectos suspensivos, de conformidad con el artículo 451.3 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil.

Así lo acuerda y firma este Letrado Secretario al margen referenciado.»

Visto o informe do secretario accidental, de data 30 de xullo de 2025 (CVD: 0AjzQy4iJ5xo/ID7d9B4), que, entre outras cousas, di

“.../...) Neste sentido, o funcionario que subscribe comparte o criterio manifestado pola secretaria xeral no seu informe en canto á competencia do Pleno para pronunciarse sobre este asunto. (.../...)”

Considerando que o Concello de Cambre debe actuar- como toda Administración Pública- con suxeición ao principio de legalidade e servir con obxectividade os intereses xerais (artigo 103 da Constitución española).

Considerando a obriga deste Concello de protexer e defender o seu patrimonio, así como a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos (artigo 68 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

Por canto antecede, propono ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Declarar que o Concello de Cambre non atopa motivos para opoñerse a que se leven a cabo polo Tribunal de Contas as actuacións preliminares, designándose polo dito órgano o instrutor do procedemento na Dilixencia Preliminar nº A56/2025.1 (Expediente nº ENJ2025/000186), en orde a concretar os feitos presuntamente constitutivos



de responsabilidade contable, os posibles responsables e o importe total dos danos e prexuízos producidos, pois a designación de delegado instrutor é o presuposto procedimental para a realización das actuacións inspectoras relacionadas no artigo 47 da Lei de funcionamento do Tribunal de Contas.

**Segundo.-** Remitir certificación deste acordo ao Tribunal de Contas.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interveñen o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o secretario accidental, Sr. Garrido Negreira, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 30 de xullo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 30 de xullo de 2025 (CVD: MVK89FOCdeWICI/7D5eZ), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **Acceso á videoacta – 00:39:41 horas**

**B.-** A Sra. presidenta intervéen e manifesta que hai dúas mocións presentadas por UxC, a primeira relativa á Vía Ártabra, e concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen expón que a urxencia da moción vén dada polas últimas noticias que están aparecendo en prensa, que din que a Vía Ártabra vai ter a súa presentación en decembro, polo que di que entenden que é necesario poñerse en contacto coa Xunta, declarar cal é a posición do concello respecto deste tema, para poder defender os intereses que entenden que son do Concello de Cambre.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900004782 o día 24 de xullo de 2025, xunto con outra moción, que transcrita di:

**«MOCIÓN PARA INSTAR Á NECESIDADE DE ATENDER E ACORDAR A EXECUCIÓN DAS INFRAESTRUTURAS PREVISTAS NO PLAN SECTORIAL VIARIO NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

#### **Exposición de motivos**



Dende o ano 2001, (hai 20 anos), cando se aprobou inicialmente o Plan Sectorial viario da área metropolitana formada por seis Concellos, ninguén pon en dúbida que a cidade da Coruña e a súa contorna próxima constitúen unha realidade económica e funcional, de relacións no día a día.

Para detectar os problemas e dar solucións a esta realidade redáctase o “Plan Sectorial viario da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros”, Aprobado definitivamente no ano 2004 pola Xunta de Galicia e co consenso de todos os alcaldes, representantes do tecido asociativo, empresariais e cámara de comercio. En definitiva un alto consenso, que parte duns Obxectivos de Política Territorial a conseguir.

- A) DESENVOLVEMENTO SOCIO - ECONÓMICO:
- B) A “VERTEBRACIÓN TERRITORIAL”: EQUILIBRIO TERRITORIAL E COHESIÓN SOCIAL.
- C) PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL.

Polo tanto o Plan Sectorial non só é un documento de trazado dunha infraestrutura, vai máis aló, é un documento que obriga na redacción dos proxectos de trazado das infraestruturas que deben ter en conta os **obxectivos de Política Territorial fixados**.

**Os requisitos propostos**, no Plan Sectorial, para **conseguir os obxectivos de Política Territorial fixados** concréntanse en:

- A NON EXISTENCIA DE ÁREAS DE PEAXE no ámbito metropolitano, tanto pola xestión de tempos de percorrido, os efectos económicos e a igualdade de oportunidades.
- CONSOLIDACIÓN DUNHA MALLA VIARIA de comunicación, que favoreza a Mobilidade entre todos os Concellos. O que fai imprescindible que a Vía Ártabra sexa completada ata a A6.
- PROGRAMACIÓN E DOTACIÓN DE ORZAMENTO. Para dotar de credibilidade e consistencia o cumprimento de obxectivos previstos na construción da malla que fará funcional a área.
- RESPECTO AOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN AS ESTRUTURAS AMBIENTAIS, na redacción dos proxectos de infraestruturas. Sobre todo as denominadas “Infraestruturas Verdes”.

**O non atender a estas consideracións na redacción e execución das infraestruturas é condenar o Plan Sectorial ao fracaso e por tanto á mellora da Funcionalidade, Eficacia e Eficiencia da área Metropolitana da Coruña.**

No ano 2008 redáctase o “Plan Director de Estradas de Galicia”, que na área da Coruña recolle as directrices do Plan Sectorial e identifica aquelas infraestruturas necesarias e imprescindibles para o bo funcionamento da área, dotándoas de prazos e orzamentos.

Na zona de interese para Cambre, apartado 3.4.a, “Rede Arterial da Coruña”, define:

**Un primeiro cinto.** No apartado de “Accesos aos principais equipamentos e Mellora da calidade de vida” sinalando un viario que parte de Sta Cruz (Oleiros), O Graxal (Cambre) e de aí á autoestrada, AP-9. Este último defínese como vial 11- 17.

**Un segundo cinto:** No apartado de “Eixes estruturantes” onde colócase a Vía Ártabra dende Lorbé á A-6.

Por tanto a necesidade destas infraestruturas, que deben ter como fin os **Obxectivos de Política Territorial** previstos no Plan Sectorial, veñen reiteradas, confirmadas e apontoadas nos distintos documentos que se van aprobando.

As causas sufrímolas día a día, en Cambre tanto no fondo da Ría como no centro de Cambre, pero tamén en Oleiros e Culleredo. Esta situación conleva a perda de eficacia nas relacións económicas, culturais e sociais e dificulta a consecución dunha sociedade Cohesionada, Sostible e de Igualdade de Oportunidades.

No ano 2009, **sorpresa**, co obxectivo de mellorar ou transporte e accesibilidade na comunidade autónoma galega, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas elabora un Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica (Plan MOVE) 2011-2015.

Neste documento no cadro de programación: **VIA ARTABRA, Treito AP-9 – A- 6**, colócase: **Eliminada da programación económica do PLAN MOVE.**

O exposto non require maior comentario. Fala por si mesmo. **A Xunta**, sin máis contos, **sinxelamente non considera necesario ou tramo AP-9 – A6**. Cuestión que resulta contraditoria co Plan Viario aprobado e co Plan Sectorial de Parques Empresariais que considera esencial este tramo para que os Parques empresariais da área funcionen coma se fose un só. Esta situación pon en evidencia a diverxencia, ou falta de criterio unificado sobre o que debe ser unha Política única de Ordenación Territorial da Xunta. Distintos Consellerías, distintos criterios. Coinciden Industria e Ordenación do Territorio, discrepa Infraestruturas.

Por outra banda, **as razóns que fundamentaban o contencioso presentado polo Concello contra o Proxecto de trazado**, que ao final a Sentenza deixa sen efecto, eran, e son, fundamentalmente as seguintes:

**1.- O Proxecto de trazado aprobado non foi aprobado por órgano competente.** Este é o único punto que se xulgo, enténdoo como suficiente para anular o procedemento e por tanto o proxecto. Non se entrou no resto de cuestións. Que de darse o mesmo proxecto volverían alegarse e que a continuación expoñemos:

**2.- Que non cumpre cos “obxectivos de Política Territorial”** aprobados no Plan Sectorial Viario, ao que se debe:

- **Impón peaxe** en contra do que di o Plan Sectorial
- **Non satisfai as características de trazado fixadas na Resolución de aprobación do Plan Sectorial**, o que afecta as conexións da poboación ao vial ao imposibilitar un acceso cara a Bribes.
- **Favorece a parte Norte da área en detrimento de parte Sur.** Poñendo como motivación, tras solicitude de aclaracións por parte do Concello sobre a modificación, que: “A modificación prodúcese ao amparo dun informe do enxeñeiro autor do proxecto”. É dicir, cun informe do autor do proxecto cámbianse os criterios acordados polo Consello da Xunta, sendo Conselleiro de Política Territorial D. Alberto Núñez Feijoo.
- **Non satisfai a condición imposta desde o Plan Sectorial** de que a **ligazón** sexa en **Catro Camiños** completando o existente.

**3.- O procedemento Ambiental utilizado non se axusta ao establecido** na lei 21/2013 que obriga a estudar varias opcións para xustificar o que é mais adecuado.

Por outra banda é evidente que un dos obxectivos propostos no Plan Sectorial: “Área de actuación libre de peaxe” necesitaba ser negociada co Ministerio e a concesionaria. Isto era obvio desde que se aprobou o Plan Sectorial, nestes momentos, 21 anos despois, a Xunta de Galicia non foi quen de resolver este problema anunciado e que foi lembrado, insistentemente, polo Ministerio propietario do viario (AP-9) durante o proceso. **Resolver o equilibrio económico financeiro con AUDASA é unha premisa ineludible se se quere cumprir cos Obxectivos definidos no Plan Sectorial Viario en vigor.**

No último informe, 15/12/2021, Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda Urbana, di: “*Para poder autorizar o proxecto, terá que estar aprobada a Modificación do Real Decreto mencionada, que xa conta coa conformidade da concesionaria Audasa, a condición de que permaneza inalterada a condición de asegurar o equilibrio económico financeiro da sociedade concesionaria en que se basea o borrador do Real Decreto*”.

Descoñécense os termos deste Real Decreto pero cremos que é a causa principal de propoñer o nó en “A Gándara”, porque é o único sitio onde entra unha área de peaxe. Área de Peaxe que vai en contra dos obxectivos fixados polo Plan Viario aprobado no 2004 e que as súas determinacións atópanse en vigor.

E como último **denunciar un trato discriminatorio en comparación con outras áreas** como son Vigo, que se ve desafectada da peaxe entre as súas entradas Este, Oeste e mesmo se estende a Redondela. Santiago igualmente utiliza a súa autoestrada gratis entre entradas á cidade.

Ante esta situación de falta de transparencia, de información, e confusión, por parte da AXI que exclusivamente se dedica a desprestixiar as accións do Concello de CAMBRE feitas en defensa dos seus lexítimos dereitos, o que supón unha falta de respecto intolerable.



Por todo o exposto, resulta necesario e urgente, formular ao Pleno municipal adoptar esta

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Manifestar que o **Concello de CAMBRE e o tecido social** representado pola Asociación en defensa das Infraestruturas, **sempre reivindicou a necesidade e urxencia de** que se constrúan os viais previstos no Plan Sectorial viario, e en concreto a **Vía Ártabra na súa totalidade** (Lorbe – A-6, con conexión a AP-9), a condición de que se desenvolvan con suxeición aos **Obxectivos de Política Territorial** previstos no Plan Sectorial viario en vigor.

**SEGUNDO:** Insistir en solicitar, de novo á Xunta, contestación ao exposto en acordo plenario do 20 de Novembro do 2020. Solicitude que se elevou ás administracións afectadas. Reivindicando a posición, implicación e afección das administracións locais e a necesidade imperiosa que a área ten de que estas infraestruturas exerciten o seu papel de elementos de Equilibrio Territorial e Cohesión Social.  
Acordo aprobado por todos os grupos da corporación UXC, PSOE, PP, BNG, coa abstención de Alternativa dos Veciños.

**TERCEIRO:** Que o desenvolvemento dos proxectos de trazado e construción que se desenvolvan dentro do Plan Sectorial viario se axusten aos obxectivos de Política Territorial marcados desde o Plan Sectorial aprobado no ano 2004. Isto é:

- A non existencia de Peaxe dentro da área do Plan Sectorial.
- Conexións en Catro Camiños e A Corveira.
- Consolidación da Malla Viaria prevista no Plan Sectorial. Vía Ártabra na súa totalidade Lorbe – A-6 con conexión na AP-9.
- Programación de todos os viarios previstos no Plan Sectorial e Plan Director recuperando ao programa os tramos eliminados no Plan MOVE 201- 2015: Tramo AP9 – A6 E VPA Transversal de Arteixo 3ª Rolda

**CUARTO:** Especial atención no desenvolvemento dos proxectos de trazado e construtivos aos espazos naturais recoñecendo e protexendo as súas condicións Medio Ambientais.

**QUINTO:** Sexa remitida esta moción :

- 1.- Á Xunta de Galicia. Consellerías de Presidencia, Infraestruturas e Política Territorial e Medio Ambiente.
- 2.- Ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- 3.- Á Deputación Provincial con petición expresa de que a eleve ao pleno provincial
- 4.- Aos Grupos Parlamentarios: PP, BNG e PSOE.»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC de data 24 de xullo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Ningunha (0).



Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, de data 24 de xullo de 2025, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **Acceso á videoacta – 01:24:07 horas**

**C.-** A continuación a Sra. presidenta intervéñ para manifestar que hai outra moción do grupo municipal de UxC, relativa a Sementeira, e concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, voceira de UxC, quen di que a urxencia vén motivada polas últimas declaracións públicas da agrupación, e polas dificultades que di que está a ter para poder continuar coa súa actividade.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción do grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900004782 o día 24 de xullo de 2025, xunto con outra moción, que transcrita di:

#### **«MOCIÓN A PROL DE SEMENTEIRA**

##### **Exposición de motivos**

A Asociación SEMENTEIRA CAMBRE constitúese como asociación ao amparo da Lei Orgánica 01/2002, do 22 de marzo e está inscrita no Rexistro Central de Asociacións sen ánimo de lucro. Nace no seo da Asociación de Veciños de San Xoán de Anceis en 1979, promovida por Rafael Sánchez López que foi o principal promotor da escola e tamén da Asociación Sementeira.

A Escola de Música Sementeira, comeza a súa andaina no ano 1978 na parroquia de Anceis, en Cambre (A Coruña), dedicándose primeiramente ao ensino da gaita da man do profesor Enrique Regueira “Ganducho” e do baile tradicional galego para, posteriormente, crear un grupo de baile e o grupo de gaitas.

Anos máis tarde, a Escola de Música Sementeira amplía a súa actividade formativa disciplinas como Vento e Percusión ata chegar a impartir na actualidade, ensinanzas de Linguaxe Musical, Música e Movemento, Música en Familia, Baile Tradicional Galego, Instrumentos de Música Tradicionais (Gaita, Percusión tradicional, Zanfona), Vento – Madeira (Fruta, Óboe, Clarinete, Saxofón), Vento – Metal (Trompeta, Trompa, Trombón, Bombardino, Tuba), Violoncello e Percusión, Piano e Guitarra.

Na actualidade a escola conta cun total de 232 alumnos, no Grupo de Instrumentos Tradicionais intégranse 20 músicos e na Banda de Música tocan un total de 105 músicos, entre a Banda Titular e a Banda Xuvenil. Eles, xunto cos 13 profesores, os 310 socios e a directiva, conforman unha entidade que está a traballar activamente pola cultura deste Concello, achegando a música aos veciños e veciñas cos concertos que celebran ao longo do ano, e que está dando a oportunidade aos veciños e veciñas de Cambre de poder recibir educación musical sen ter que desprazarse a outros concellos. Sementeira, en definitiva, está a potenciar, difundir e ensinar música a veciños e veciñas de Cambre dende hai anos e profundizando e ampliando as súas disciplinas xa que, ao Coro de adultos que conta con 10 integrantes, sumárase este vindeiro curso o grupo de Canto Tradicional no que participarán 11 persoas.

En todos estes anos, Sementeira levou o nome do Concello de Cambre a diferentes certames tanto nacionais como internacionais, sendo abandeirada do Concello no ámbito musical. É por iso, que o Concello de Cambre ten unha débeda histórica coa entidade e ten que afondar nos seus esforzos para evitar que esta entidade desapareza ou chegue a límites tan extremos que sexa, case imposible, manterse. Situación extrema que viven na actualidade e da que se facían eco hai poucos días a prensa. Nese momento, o concelleiro de Economía e Facenda, Rubén Vázquez, respondía que estaban esperando á publicación definitiva da modificación da base do orzamento relativa ás subvencións nominativas, para emitir o certificado co que a entidade podería acudir a un crédito bancario.



Crédito bancario que, a entender de Unión por Cambre, non soluciona a situación, simplemente pon un parche a unha problemática que precisa dunha solución consensuada e moi meditada, dende o momento que os informes das habilitadas cuestionan e reparan suspensivamente o dito convenio.

No pleno do mes de xuño aprobouse a modificación da base cuadraxésima sexta das bases de execución do orzamento prorrogado para incorporar a partida correspondente ao convenio do ano 2024, o dito convenio aínda non foi asinado e este 22 de xullo, o Boletín Oficial da Provincia publicaba a aprobación definitiva da dita modificación, polo que a dita modificación xa está en vigor.

A finais de 2024, o goberno de Unión por Cambre, aboou o convenio de 2023 e abriuse así a tramitación de xustificación de fondos que, a intervención municipal, considera que é preciso pechar ese expediente para poder asinar o convenio 2024. En abril, cando Unión por Cambre deixou o goberno, o convenio de 2024 aínda no se puxera a firma de alcaldía por atoparse sen informar a xustificación de fondos.

Entendendo que a solución polo que avogan os informes de secretaría e intervención non chegará a corto prazo, sobre todo vendo a cantidade de problemas que hai que abordar no concello, Unión por Cambre propón manter o convenio nos termos nos que se vén asinando e constituír unha mesa de traballo onde estea representada Sementeira, as habilitadas nacionais que cuestionan o convenio actual e representantes de todos os partidos políticos con representación na Corporación Municipal.

Neste punto, cómpre lembrar que en maio de 2019, o edil de Cultura do BNG Daniel Carballada e o edil de Deportes tamén do BNG, Brais Cubeiro, anunciaron a contratación dun estudo á Universidade da Coruña sobre as fórmulas viables para unha xestión sostible da Escola de Música. Estudo que concluía que a mellor fórmula era manter o fórmula do convenio que se viña asinando dende facía anos.

Visto o aval xurídico fundamentado no estudo da Universidade e, en tanto en canto, non se poidan consensuar outras fórmulas que poidan garantir a continuidade e viabilidade de Sementeira,

#### **Propoñemos ao pleno:**

1. Informar, se aínda non o está, o expediente de destino de fondos do convenio 2023 e asinar o convenio 2024 nos termos nos que se viña facendo habitualmente na primeira quincena de agosto de 2025, a fin de garantir a continuidade da entidade
2. Crear unha mesa de traballo composta por Sementeira, habilitadas nacionais e representantes de todos os partidos con representación na Corporación municipal, para buscar unha solución de consenso para Sementeira e garantir a continuidade da entidade»

Aberta a quenda de intervencións, interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

*(Cando son as trece horas e seis minutos auséntase da sesión a interventora accidental, Sra. Portela Torrón)*

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC de data 24 de xullo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.



Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, de data 24 de xullo de 2025, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## 2. PARTE DECLARATIVA

### 2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

**Acceso á videoacta – 01:50:49 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

### 2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

**Acceso á videoacta – 01:50:51 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## 3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

**Acceso á videoacta – 01:50:59 horas**

De orde da Presidencia, o Sr. secretario accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 675/2025, do 4 de xullo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de efectuada a prol do primeiro tenente de alcaldesa, don Rubén Vázquez Pérez, do día 4 ao 6 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 396/2025, do 30 de abril.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### 3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

**Acceso á videoacta – 01:52:35 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 74 resolucións numeradas da 640 á 713 do ano 2025, que se

relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
640/2025	23-06-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de xuño de 2025
641/2025	25-06-2025	Solicitud de documentación presentada por MDPL o 13.06.2025, informe íntegro de intervención e secretaría sobre a segunda prórroga de desbroces a Mallo Ares así como a Resolución de facturas de data 28.05.2025 por importe de 108.311,60 euros
642/2025	25-06-2025	Acceso á información solicitada JIVS en representación da entidade mercantil J S.L., en data 19 de xuño de 2025 tendo participado no concurso público para o servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do concello de Cambre nos períodos escolares
643/2025	26-06-2025	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística aos herdeiros de FJAH co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Roncesvalles, Brexo-Lema, consistentes na instalación dunha caseta de madeira sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
644/2025	26-06-2025	Levantar, ao abeiro do informe asinado 17.06.2025 polo enxeñeiro técnico de obras municipal interino e tendo en conta as alegacións e a documentación presentada por (INSTELEC S.L.) o 27.05.2025 por EMPREGO SOCIAL, S.L. (EMSO) o 04.06.2025 e por EMALCSA, S.L. o 05.06.2025 os reparos formulados pola intervención municipal. Aprobar as facturas por importe de 645.937,28 euros
645/2025	26-06-2025	Incoar o expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo denominado mantemento de espazos verdes e zonas axardinadas prestado pola empresa EMPREGO SOCIAL, S.L.
646/2025	26-06-2025	Solicitar ao Consello Consultivo de Galicia, ao abeiro do artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a emisión do ditame preceptivo e vinculante á revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadores municipais prestado pola empresa COPI FAX, S.L.
647/2025	26-06-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención, de data 22 de maio de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo axente de Protección Civil e coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil en funcións de data 12.06.2025 e polo administrador do sistema informático con data 19.06.2025. Aprobar as facturas por importe de 3.549,33 euros
648/2025	26-06-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de outubro 2024 que comprende 267 recibos e 145 cotas cero por un importe total 1.312,73 €
649/2025	26-06-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
650/2025	26-06-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: OMOM

651/2025	26-06-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PRBG
652/2025	27-06-2025	Nomear a AM <sup>GA</sup> auxiliar administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2, adscrita a Sección de Servizos, en substitución transitoria da titular do posto VPT, de conformidade co art. 23-2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
653/2025	27-06-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para informar o recurso presentado por JARDANAY S.L contra o acordo de adxudicación do Lote 2 do contrato do "Servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais estivais. Informar, en canto ao recurso presentado ao non esixir o PCAP que as cociñas sexan propiedade da empresa nin que este extremo se acredite polos licitadores, entende este órgano de contratación que procede a desestimación da alegación do recorrente
654/2025	27-06-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de xullo de 2025
655/2025	27-06-2025	Dar acceso a MDPL ao expediente correspondente contrato menor de servizos para a comparecencia do Concello de Cambre como acusación particular nas dilixencias previas procedemento abreviado 0001700/2024 que se seguen no Xulgado de Instrución número 3 da Coruña e nas dilixencias previas procedemento abreviado 259/2023 que se seguen no Xulgado de Instrución número 5 da Coruña
656/2025	27-06-2025	Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MCMP e MLCM
657/2025	27-06-2025	Aprobar a nómina da paga extraordinaria de xuño de 2025 por un importe total retribucións brutas paga extraordinaria 220.111,17 euros
658/2025	30-06-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 551.153,64 euros, a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do cuarto trimestre de 2024
659/2025	30-06-2025	Suspender a utilización da cociña existente no local sito na rúa Curros Enríquez, O Temple, carecendo do preceptivo título habilitante. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a NYOMC S.L., pola utilización dunha cociña sen que esta se atope incluída no proxecto de actividade do local destinado a tenda de roupa e complementos, que conta con comunicación previa
660/2025	30-06-2025	Aprobar a nómina do mes de xuño de 2025 por un importe total retribucións brutas 334.309,88 euros
661/2025	02-07-2025	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos ao concurso-oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de administración xeral interinos
662/2025	02-07-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de xullo de 2025
663/2025	02-07-2025	Suspender inmediatamente o uso da piscina existente na Urbanización "Camiño Real", unidade de execución nº 25, sita en Sigrás, en solo de titularidade municipal, carecendo do preceptivo título habilitante, ao non ser a mesma sexa susceptible de uso por non estar prevista no proxecto de urbanización aprobado no seu día para a dita unidade de execución

664/2025	02-07-2025	Asignar o número 5 A á edificación situada no lugar de Muíño Vello, As Gamelas, Anceis, Cambre
665/2025	02-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CAP
666/2025	02-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MLL
667/2025	02-07-2025	Aprobar, con efectos do 1 de decembro de 2024, a relación de 5 baixas no mes de decembro, no programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024
668/2025	02-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
669/2025	02-07-2025	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MSG
670/2025	02-07-2025	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ABP
671/2025	03-07-2025	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo venres día 4 de xullo de 2025, ás 13:15 h
672/2025	03-07-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
673/2025	03-07-2025	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en seis mesas con catro cadeiras cada unha durante o ano 2025 fronte á cafetería situada na rúa Ánxel Fole, parroquia do Temple, condicionado a que a terraza se instale sen exceder a fronte do local e deixando libre un espazo mínimo de 2 metros para o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: IC, SL
674/2025	04-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de xullo de 2025
675/2025	04-07-2025	Avocación de competencias do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico don Rubén Vázquez Pérez do 4 ao 6 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos
676/2025	07-07-2025	Delegación no concelleiro Óscar Tomás Barrientos Morales para a celebración do matrimonio civil de AGdelal e ARS o día 12 de xullo de 2025, ás 12:30 horas
677/2025	07-07-2025	Contratar como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo cunha duración de nove meses, aos tres peóns para a brigada de limpeza de faixas secundarias, subvencionados por resolución de 15 de maio de 2025 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, ao abeiro da orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural "APROL Rural" no exercicio de 2025

678/2025	08-07-2025	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o venres 11 de xullo de 2025, ás 12:00 horas
679/2025	08-07-2025	Declarar a xubilación do funcionario de carreira EVM con efectos do 30 de xuño de 2025, de conformidade cos artigos 67.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, 68.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e 205 e Disposición transitoria sétima do Texto refundido da Lei xeral da seguridade social aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro
680/2025	08-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JMSV
681/2025	08-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MECS
682/2025	08-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
683/2025	08-07-2025	Acceder ao solicitado e remitir a MDPL a documentación correspondente ao expediente de contrato menor 2025/C2/11 de contratación dun avogado para a personación do Concello en dous procedementos xudiciais
684/2025	09-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MAOF
685/2025	09-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NCL
686/2025	09-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
687/2025	10-07-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 01/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: JLMA
688/2025	10-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JEdeFA
689/2025	10-07-2025	Considerar desistido a JZR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 05/05/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
690/2025	10-07-2025	Considerar desistida a VRM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 03/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

691/2025	11-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de xullo de 2025
692/2025	11-07-2025	Aprobar as facturas por importe de 8.814,70 euros
693/2025	14-07-2025	Considerar desistido a OMC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 19/3/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
694/2025	14-07-2025	Considerar desistido a CRV da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 24/2/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
695/2025	14-07-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza. Solicitante. AGMM
696/2025	16-07-2025	Aprobar os padróns das taxas correspondentes ao exercicio 2025: - Taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, por un importe total de(11.664,00 €, cun número de recibos de 519. Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, por un importe total de 54.437.50 €) cun número de recibos de 215
697/2025	16-07-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
698/2025	18-07-2025	Conceder a autorización para exercer a venda ambulante en camión tenda/remolque no lugar da Torre (Andeiro) nas datas do 21 de xullo de 2025 ao 22 de xullo de 2025, con motivo das festas na honra da Virxe do Carme. Solicitante: LPR
699/2025	18-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de xullo de 2025
700/2025	21-07-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal con data 18 de xullo de 2025 respecto do contrato do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre. Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación da prórroga
701/2025	21-07-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 21 de xullo de 2025
702/2025	21-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 24 de xullo de 2025
703/2025	22-07-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de data 18 de xuño de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo administrador do sistema informático con data 19.06.2025, polo oficial, en funcións de xefe da Policía local, de data 20.06.2025 pola coordinadora de Servizos sociais con data 25.06.2025 e pola axente de desenvolvemento local de data 25.06.2025. Aprobar as facturas por importe de 174.842,53 euros
704/2025	23-07-2025	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa,

		de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Iniciar expediente de orde de execución a GVCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Peiraio, Bribes, que están a invadir a vía pública
705/2025	23-07-2025	Denegar a licenza municipal solicitada para o tendido dunha liña aérea de baixa tensión e execución dunha canalización de 3 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, destinadas a proporcionar subministración de enerxía eléctrica para uso agrícola á finca sita no lugar de Altamira, parroquia de Anceis, toda vez que na citada parcela non existe licenza nin título habilitante ningún para o exercicio dunha actividade agrícola, de xeito que non resulta xuridicamente viable a concesión dunha licenza municipal para o tendido dunhas liñas eléctricas aérea e subterránea de baixa tensión destinadas a usos agrícolas cando non existe un uso agrícola debidamente legalizado. Solicitante: UFD, DE, SA
706/2025	23-07-2025	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na estrada Cambre-Temple a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes, de conformidade co artigo 26 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana aprobado por Real decreto legislativo 7/2015. Solicitante: ARM
707/2025	24-07-2025	Adxudicar o contrato menor do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Cabicivai" na Biblioteca Central María Pita, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2025, a URDIME, por importe de 363,64 euros sen IVE (440,00 euros IVE incluído)
708/2025	24-07-2025	Adxudicar o contrato menor do servizo consistente na actividade de animación á lectura "O traxe novo do Rei" na biblioteca municipal Xabier P. Docampo, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2025, a Esteban Acuña Lagos, por importe de 345,45 euros sen IVE (380,00 euros IVE incluído)
709/2025	24-07-2025	Aprobar a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral
710/2025	24-07-2025	Adxudicar o contrato menor do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Ecoralia, a lambona ecolóxica" na Biblioteca Central María Pita, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2025, a Francisco Manuel Cerdeira Castiñeiras, por importe de 449,59 euros sen IVE (544,00 euros IVE incluído)
711/2025	24-07-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 29 de xullo de 2025, ás 10.00 horas
712/2025	24-07-2025	Delegar na concelleira dona María Yolanda Díaz Baldomir a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de dona P.S.I. e R.L.S.
713/2025	24-07-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención LMR - providencia - facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2025/T003/001622 de data 22 de maio de 2025, tendo en conta o informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18.07.2025. Aprobar as facturas por importe total de 64.578,81 euros



Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de xuño de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación dunha póliza de seguros de responsabilidade civil xeral para o Concello de Cambre, mediante contrato baseado no Acordo marco da Central de Contratación da FEMP. Expediente núm. 2025/C006/000003</li><li>- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva constituída no contrato para o servizo de "Organización de campamentos de verán para nenos/as e mozos/as promovidos polo Departamento de Xuventude do Concello de Cambre en 2022 e 2023, con opción de prórroga a 2024". Expediente núm. 2021/C004/000028</li><li>- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva constituída para subscripción dunha "Póliza de seguro colectivo de accidentes para voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre". Expediente núm. 2020/C006/000006</li><li>- Proposta relativa á adxudicación do contrato da obra denominada "<i>Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros</i>", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022". Expediente TEDeC núm. 2022/C003/000021. Adxudicatario: Construcciones Ponciano Nieto, S.L.</li></ul>
<b>Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xullo de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta relativa á contratación do servizo de mantemento e socorrismo en piscina Castros do Bosque. Expediente núm. 2025/C002/000012. Adxudicatario: Hebe Sport, S.L.</li></ul>
<b>Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de xullo de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta relativa á adxudicación dunha póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre, mediante contrato baseado no Acordo marco da Central de Contratación da FEMP. Expediente núm. 2025/C006/000003. Adxudicatario: Zurich Insurance Europe AG, Sucursal en España</li></ul>
<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de xullo de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta de corrección de erros do acordo adoptado o 4 de xullo de 2025 relativo á adxudicación dunha póliza de seguros de responsabilidade civil para o Concello de Cambre. Expediente núm. 2025/C006/000003</li></ul>
<b>Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de xullo de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta relativa á prórroga do contrato de emerxencia do servizo de limpeza nos edificios, instalacións e centros escolares municipais do Concello de Cambre, adxudicado por Resolución da Alcaldía número 605/2024, do 9 de maio.</li></ul>
<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de xullo de 2025</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación para a "Subministración por lotes de material de construción para a brigada de obras municipal do Concello de Cambre. Expediente núm. 2025/C005/000002</li><li>- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación do «Servizo de produción técnica do evento "Open Science Cambre" a celebrar polo Concello de Cambre durante dous anos, con opción a prórroga dun ano máis". Expediente 2025/C005/000001</li></ul>



### 3.4. ROGOS

**Acceso á videoacta – 01:52:49 horas**

#### ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900004804 o día 28 de xullo de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

#### 1º rogo - Acceso á videoacta – 01:53:01 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“O pasado 21 de xullo prorrogouse o contrato de emerxencia de limpeza de instalación municipais á empresa pública TRAGSA. UxC foi quen declarou a emerxencia sanitaria no seu día e quen contratou por emerxencia este contrato que agora se prorroga unha vez máis por non estar licitado o servizo de limpeza de instalacións municipais. Ante esta situación, na que o goberno da Sra. Piñeiro tivo que volver a prorrogar este contrato, ROGAMOS se saque a licitación á maior brevidade posible o prego de limpeza de instalacións municipais que é un dos nomeados como prioritarios polo goberno actual.”

*(Cando son as trece horas e doce minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas)*

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

#### 2º rogo - Acceso á videoacta – 01:54:49 horas

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

“Tendo en conta todos os atrancos que puxo a alcaldesa para que un grupo de asociacións puidesen celebrar a Romaría Castrexa, faltando incluso ao seu compromiso de rozar a finca municipal e non permitindo aos organizadores facelo para que fose máis cómodo e atractivo o castro para a romaría do pasado 19 de xullo. Pese a tódolos atrancos postos por parte do goberno, finalmente a romaría puido celebrarse demostrando, unha vez máis, a importancia que a Galaicoi ten para Cambre, e que os cambreses e cambresas están dispostos a manter vivo o espírito castrexo coste o que coste.

Tendo en conta que o goberno acaba de anunciar que está aberto a escoitar as propostas da veciñanza e do resto de partidos á hora de elaborar os orzamentos de 2026, dende UxC ROGAMOS ao goberno municipal que se comprometa a manter na programación anual o evento da Galaicoi e recoller nos orzamentos municipais de 2026 os créditos precisos para a celebración da romaría castrexo-romana.”

*(Cando son as trece horas e catorce minutos, durante a lectura do rogo, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas. Cando son as trece horas e quince minutos auséntase o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)*

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

#### 3º rogo - Acceso á videoacta – 01:57:22 horas

Lee o rogo a Sra. Díaz Baldomir.



“Debido a ausencia das dúas habilitadas nacionais ao mesmo tempo e visto a falta de persoal da que fala continuamente o goberno local, non entendemos que non se buscasen alternativas para non minguar aínda máis outros departamentos, nomeando a dous funcionarios da casa como secretario e interventora accidental. Por todo isto, ROGAMOS se proceda a tramitar solicitude á Xunta de Galicia para que envíe habilitados nacionais que substitúan ás habilitadas de Cambre durante as súas ausencias.”

*(Cando son as trece horas e dezasete minutos, durante a lectura do rogo, reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)*

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

#### **ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900004806 o día 28 de xullo de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

##### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:00:33 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Tras o rogo presentado nas últimas comisións, en relación coa fuga de auga que, segundo as medicións dispoñibles, supuxo unha perda de aproximadamente 50.000 metros cúbicos no mes de abril, presuntamente vinculada a un bypass compartido co Concello de Oleiros, trasladóusenos como resposta por parte do goberno, que non é posible elaborar un informe técnico por falta de persoal.

Consideramos que esta situación é extraordinariamente grave, xa que a dita perda podería implicar, salvo erro, un custo económico próximo aos 50.000 euros para o Concello de Cambre. Trátase dunha cantidade moi importante que, se non se actúa con responsabilidade, acabará repercutindo directamente sobre os veciños e veciñas do municipio.

Ademais, non sabemos se este tipo de incidencias producíronse en máis ocasións, e preocupáanos que non se estea realizando un control exhaustivo sobre este tipo de perdas.

Por todo iso, rogamos ao Goberno municipal que, a pesar das limitacións de persoal, adopte as medidas necesarias para esclarecer este feito, recorrendo se é preciso a medios externos ou solicitando o apoio de EMALCSA, e que se traslade este asunto á Intervención municipal, para que emita unha valoración sobre o impacto económico da fuga e sobre o criterio que debe seguirse en canto a quen corresponde asumir o custo deste consumo anómalo.

Cremos que non actuar, escudándose na falta de recursos humanos, supón asumir sen discusión unha factura moi elevada, cando non está claro que a orixe do problema sexa imputable unicamente a Cambre. É imprescindible actuar con transparencia, dilixencia e rigor na defensa dos recursos públicos e do interese xeral.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

##### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:03:18 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.



“No Temple hai tres pistas polideportivas, ou mellor dito, suponse que as hai, porque a día de hoxe non se pode utilizar ningunha.

- A pista da ría non é apta para deportes con balón,
- A pista do Parque Ramón Barba está pechada por obras,
- E a pista da rúa Otero Pedraio, xunto ao Eroski, acaba de ser precintada.

Isto significa que os veciños do Temple non dispoñen de nin unha soa pista onde poder practicar deporte. Nenos, adolescentes e adultos quedan sen espazos seguros para o xogo, a actividade física e a convivencia. O máis preocupante é que a situación non mellora: empeora.

Falamos dun barrio cunha gran poboación, cunha enorme demanda de espazos deportivos ao aire libre, onde resulta incomprensible que non exista, neste momento, nin unha soa pista operativa para o uso dos veciños.

Rogamos ao Goberno municipal que, de forma inmediata, se habilite polo menos unha das tres pistas para que poida volver usarse cunhas condicións mínimas de seguridade.

Non falamos dunha demanda nova nin extraordinaria: falamos do mantemento básico de instalacións xa existentes, cuxa falta de uso non só é inxustificable, senón inaceptable.

Non hai excusas para que un núcleo tan poboado como o Temple siga sen instalacións deportivas públicas operativas, e menos aínda para que isto se prolongue sen solución. É urxente actuar.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervenñen a Sra. Prieto Lamas, a Sra. Pan Lesta, a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

*(Cando son as trece horas e trinta e un minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)*

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:13:08 horas**

Lee o rogo a Sra. Parceró Quiñoy.

«Sabemos de antemán que a resposta a este rogo irá acompañada do xa habitual argumento de que “non hai efectivos suficientes para controlar” o acceso de vehículos ao paseo do río Mero. Pero xa adiantamos que esa xustificación non nos vale.

No seu momento, existían uns bloques físicos nos accesos ao paseo que impedían o paso e estacionamento de coches. Con todo, nalgún momento foron retirados -ao parecer para permitir o acceso de maquinaria de limpeza- e nunca se volveron colocar.

O resultado é que, hoxe en día, hai vehículos que entran e aparcan, como se pode apreciar na foto adxunta, nun espazo concibido exclusivamente para o goce peonil, co consecuente risco para quen o usa, especialmente familias con nenos e persoas maiores.

Por tanto, rogamos ao Goberno municipal que se recolquen de inmediato os elementos físicos necesarios para impedir o acceso e aparcamento de coches no paseo do río Mero. Se, como imaxinamos, non se contempla a opción de vixilancia activa, é aínda máis imprescindible contar con barreiras físicas eficaces.



Falamos dun espazo natural e público que debe ser protexido, non invadido por vehículos. O deixamento neste asunto non pode prolongarse máis.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. Castro Uzal, a Sra. Rodríguez López, o Sr. Carballada Rodríguez e a Sra. Prieto Miramontes.

*(Cando son as trece horas e trinta e catro minutos, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Louro López)*

#### **ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900004805 o día 28 de xullo de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

##### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:18:21 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“O paseo do río Mero, como é sabido, é competencia da Xunta de Galicia, polo tanto el é quen ten que ocuparse do seu mantemento, ou ben, chegar a un acordo mediante convenio co noso concello. Sorpréndenos a resposta da señora alcaldesa nas comisións informativas deste mes, dicindo que non falara na xuntanza que tivo co responsable do organismo dese tema. Lembrar que non temos convenio neste momento para o tratamento do dito paseo.

O actual goberno de Cambre está en mans do PP, e polo tanto entendemos que terá maiores facilidades e mellor comunicación, ao pertencer ao mesmo partido, salvando así as dificultades que anteriormente mencionaban outros partidos gobernantes.

Este paseo é exemplar en canto ao seu uso, que vertebra o noso territorio de xeito lúdico para moita xente, pero que non ten o tratamento que merece.

Por todo o exposto, SOLICITAMOS:

Que se solicite a redacción dun novo convenio, que veña a recoller esta necesidade para Cambre, para o cal, se envíe o organismo petición de xuntanza para abordalo.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. González Leirós e a Sra. Prieto Miramontes.

##### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:21:14 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Tamén nas anteriores comisións informativas, tivemos que de novo chamar a atención polo incumprimento do uso do galego na administración local. Este rogo foi aceptado, pero para o noso asombro, vemos que na propia páxina do concello, faise publicidade do evento da Open Science (na que o concello gasta máis de 80.000 euros) en perfecto castelán, e nin unha palabra en galego.

Entendemos da importancia de este evento, do que nos sentimos orgullosos polo éxito que ten, e no que o concello gasta unha das maiores partidas nestes ámbitos, pero o que non entendemos é que de xeito tan tozudo, se vulneren as leis por parte dun goberno municipal consentindo tales feitos.



Diante de todo o anteriormente exposto, SOLICITAMOS:

Que se publique na páxina do concello, todo aquilo que fora revisado oportunamente, e que se lles recorde ás asociacións ou outras directivas de eventos subvencionados, da obrigatoriedade do uso da nosa lingua: o galego.”

O Sr. Lamela Vázquez contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:22:39 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Cando se traen rogos a este pleno, ou ben a comisións informativas, e son aceptadas, normalmente implica que se fagan xestións diante de terceiras administracións, sexa a Xunta, Deputación, Ministerios, etc.

O caso, é que logo dese paso, nós, os concelleiros da oposición, non temos constancia de como se fixo, cando, se foi respondido, etc.

Consideramos imprescindible, que se nos dea traslado dos pasos dados en cada unha das nosas peticións, pois somos parte activa no proceso. Polo tanto, SOLICITAMOS:

Que diante dun rogo ou dunha pregunta tanto en comisións informativas, así como en pleno, nos que levamos a cabo a iniciativa que nos atinxe, se nos dea traslado da comunicación trasladada aos organismos, así como das respostas se as houbera.”

A Sra. Espiñeira Galán contesta o rogo. Intervenien a Sra. Prieto Miramontes, a Sra. Pan Lesta, o Sr. Vázquez Pérez e o Sr. Carballada Rodríguez.

### **ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900004808 o día 28 de xullo de 2025, xunto coa pregunta presentada para este pleno, que transcritos din:

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:30:12 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Rogamos que se lle reclame a Augas de Galicia o arranxo urxente da ponte de madeira ao comezo do paseo fluvial que une o Concello de Cambre e Culleredo; Xa van moitos meses que está valada e obrigando aos ciclistas a ter que circular pola estrada ata A Barcala ou compartindo beirarrúa con viandantes nun paso demasiado estreito para ambos.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:30:57 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.



“Rogamos que se notifique ao titular da parcela con referencia catastral 000601500NH59B na parroquia de Brexo Lema para que ao igual que podou o peche da parcela no seu interior, faga o mesmo coa parte que dá á estrada da Deputación DP-1704 tapando un sinal de tráfico que actualmente é invisible para os vehículos que por alí pasan.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:31:41 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“A pasada semana aprobouse na Xunta de Goberno Local un expediente de contratación de 2+1 anos para a subministración de materiais para a brigada de obras xa que o Goberno anterior deixouna sen tan sequera grava para tapar un triste burato, polo que rogamus que en canto se licite, se acometan con urxencia o arranxo das fochancas cada día máis grandes das rúas Luis Pimentel, Abeleira, Ánxel Fole e Travesía da Coutelana.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

## **3.5. PREGUNTAS**

### **Acceso á videoacta – 02:33:05 horas**

#### **PREGUNTAS DE UxC PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900004804 o día 28 de xullo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:33:18 horas**

Lee a pregunta a Sra. Díaz Baldomir.

«O goberno local anunciou a “inminente” contratación de 2 axentes de protección civil. Procedemento que xa iniciara o goberno de UxC para o cal só faltaba publicar a lista provisional de admitidos. Esta lista permitirá cubrir os dous postos de axentes e unha lista de interinos para baixas, vacacións etc. Unha gran noticia. Xa estaba incluso seleccionado o tribunal para as probas, formado por funcionarios todos de recoñecida valía e autorizado polo concello de orixe.

O Goberno municipal di que é unha prioridade esta incorporación, que para UxC o é absolutamente, máxime cando non hai ningún axente neste momento co risco para a cidadanía, por iso se avanzou no proceso. Pero incomprensiblemente o goberno do PP desbotou o tribunal, co atraso para o procedemento que iso supón, deixando a Cambre sen axentes aínda por máis tempo. Por todo isto preguntamos: Que motivos de interese xeral levaron a rexeitar o tribunal, formado por funcionarios profesionais de recoñecida valía, todos eles bombeiros, que estaba xa formado e autorizado provocando o inxustifico e innecesario atraso no procedemento de selección?»

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:29 horas**



Lee a pregunta o Sr. Barrientos Morales.

“Cando se vai licitar a obra do campo de fútbol de Lendoiro?”

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:55 horas**

Lee a pregunta a Sra. Pan Matos.

“Cando se van asinar os convenios coas ANPAs?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

**PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900004806 o día 28 de xullo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

**1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:36:23 horas**

Lee a pregunta o Sr. Alcantarilla Rei.

“Despois da moción presentada por UxC en relación coa sinatura e pago do convenio con Sementeira, desde o grupo municipal socialista de Cambre estamos preocupados polo Club Ciclista Cambre que segue agardando, a estas alturas, a sinatura do seu convenio e o aboamento da súa subvención.

Estamos falando dunha entidade histórica, que ten levado o nome de Cambre por toda Galicia e fóra dela durante anos, e que agora mesmo se atopa nunha situación crítica, mentres o concello mira cara a outro lado. De feito, o club xa se viu obrigado a cancelar varios eventos por esta falta de apoio institucional.

Vai actuar o Goberno municipal dunha vez ou pensa deixar caer tamén ao Club Ciclista Cambre?”

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta.

**2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:38:30 horas**

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Esta pregunta xa a formulamos no pleno do mes de xuño e díxosenos que se nos respondería por escrito, pero a día de hoxe non temos recibido ningunha resposta. Nestes momentos, aínda que oficialmente hai tres traballadoras sociais, unha delas dedícase exclusivamente ao SAF, polo que na práctica só hai dous para atender ao resto do servizo. Como pensa o Goberno municipal solucionar esta situación e recuperar á traballadora social, para garantir que Cambre non se quede sen unha atención social adecuada?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

**3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:39:23 horas**



Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“A vontade de manter a praza subvencionada de orientación laboral foi expresada no seu momento polo anterior Goberno de Unión por Cambre. Queremos saber agora se o Goberno actual vai tomar as medidas necesarias para que esta praza volva estar operativa, ou vamos seguir sen orientadora laboral nun momento no que este servizo é máis necesario que nunca.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

#### **PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900004805 o día 28 de xullo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

##### **1ª e 2ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:39:59 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Cantas revisións de oficio están activas?”

En que proceso exactamente están cada unha delas?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta as preguntas.

##### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:41:12 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Cando imos ter a vindeira Comisión Especial de Urbanismo, unha vez feito o informe da secretaria? Todo isto polo enorme interese que ten para a veciñanza de Cambre, en canto ao futuro do solo e os seus usos, e que nos clarexe en que situación estamos co PXOM.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

#### **PREGUNTA DE AV PRESENTADA POR ESCRITO**

Rexistrada de entrada ao núm. 202599900004808 o día 28 de xullo de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcrita di:

##### **Única pregunta - Acceso á videoacta – 02:41:45 horas**

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Xa que todos os partidos aquí presentes, a excepción de UxC, temos representación na Deputación, ¿por que non levamos conxuntamente unha moción para que cumpran coa súa obriga de manter as estradas da súa competencia en bo estado, ben sinalizadas e coas rozas feitas a tempo? Xa que na DP-1704 que comunica Cambre con Carral a maleza fixo que beirarrúas e cunetas desapareceran nas parroquias de Meixigo, Brexo Lema e Santa María de Vigo, obrigando á veciñanza a camiñar pola estrada co risco que iso supón.”



A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás catorce horas e dous minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e praxe  
A presidenta  
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental  
(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de  
xestión de Administración Xeral que actuou como  
secretario accidental na sesión)

Fernando Manuel Garrido Negreira